

# MEMORIA DE ACTIVIDADES

2 0 2 3





# CONTIDO

## 1 **CARTA DA PRESIDENTA**

---

## 2 **QUENES SOMOS**

---

- 01 Fundamentación
- 02 Misión, visión e valores
- 03 Base social
- 04 Organigrama
- 05 Formamos parte de

## 3 **SERVIZOS**

---

- 01 Servizos transversais
- 02 Programas de intervención individual
- 03 Programas de intervención grupal
- 04 Atención temperá
- 05 Atención á infancia
- 06 Taller de transición a vida adulta
- 07 DES-PEGUE
- 08 Co-working
- 09 Formacións
- 10 Ocio e lecer, campamentos e outras actividades
- 11 Contactos

## 4 **ANEXOS**

---

- 01 Plan formativo de ASPERGA
- 02 Finanzamento externo
- 03 Outras colaboracións
- 04 Comunicación e difusión

## 5 **CONCLUSIÓN**

---





# 1

## CARTA DA PRESIDENTA RITA C. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Cando me preguntan que é ASPERGA, a resposta vénme de forma automática á mente, xa que para min é un espazo común onde as persoas con TEA/Síndrome de Asperger e as súas familias temos a oportunidade de sumar forzas para poder defender os intereses do noso colectivo, e así acceder a servizos especializados que non se ofertan pola administración.

ASPERGA convértese nun punto de encontro onde intercambiamos experiencias e nos apoiamos mutuamente.

Os cambios e transformacións que ASPERGA experimentou ao longo dos anos foron enormes e a unha gran velocidade. Levamos máis de 16 anos traballando cun obxectivo claro e primordial: conseguir para as persoas con TEA/SA un futuro de verdadeira inclusión e máis xusto. Temos a certeza de que este futuro é posible, por iso seguimos loitando día a día para ver como se fan realidade os nosos esforzos como pais e nais, como socios e socias, como acompañantes e, por suposto, observando como melloran as oportunidades para os nosos fillos e fillas.

Enfrontámonos a moitos desafíos e retos para transformar ASPERGA. Reforzando os vínculos entre as persoas socias, buscando financiamento, ampliando os nosos servizos, cambiando de centros, e dándolle maior visibilidade á nosa realidade. É así como, camiñando xuntos, ASPERGA puido converterse nun centro de referencia, con profesionais expertos e servizos especializados que ofertan unha atención global e integral ás persoas usuarias.

Mirando ao pasado, síntome orgullosa do que acadamos como colectivo nun tempo tan curto. Tras aqueles primeiros pasos e un gran impulso posterior, agora ASPERGA é unha organización forte, con case catrocentas corenta persoas socias e máis de 380 usuarios e usuarias, ademais de contar cun equipo multidisciplinar que define e oferta servizos baixo criterios estritamente profesionais.



Ofrecemos unha serie de servizos coa finalidade de suplir todas as necesidades das persoas que se presentan na nosa asociación, como orientación e asesoramento, avaliación específica do Trastorno do Espectro Autista (TEA) e atención socio-sanitaria ao longo de todo o ciclo vital da persoa: atención temperá, terapia individual e grupal, programas de habilidades sociais, de vida adulta, apoio educativo, deporte, lecer e tempo libre. O noso foco sempre está posto nas persoas con TEA/SA, porque non hai ninguén mellor ca eles e elas para indicarnos o camiño, porque isto é unha cuestión de dereitos e respecto. A sociedade é a que debe darlles a oportunidade de mostrar o seu potencial que sen dúbida teñen.

Para poder defender os intereses e dereitos do noso colectivo, xa sexa no ámbito escolar, laboral ou social, mantemos un contacto permanente coas Administracións Públicas. Por iso mesmo é que tamén estamos integrados na Federación Autismo Galicia, na Confederación Autismo España e en Autism Europe, ademais de tamén colaborar con moitas outras entidades e colectivos cos que compartimos intereses en asuntos tan importantes como a inclusión.

Diariamente traballamos entre todos e todas para facer todo iso posible. E seguiremolo facendo, con empuxe e dedicación, aportando novas ideas en positivo, colaborando, participando nos órganos de decisión de ASPERGA e, máis concretamente, na asemblea de persoas socias, onde debatimos o camiño a seguir, ademais das persoas que levan adiante estas ideas.

Non quero rematar esta carta sen darvos as grazas, ás persoas socias, usuarias, colaboradoras, profesionais de ASPERGA e ao resto da xunta directiva, porque cada día facedes que ASPERGA sexa un centro de referencia con profesionais sanitarios e administrativos especializados.

O compromiso e a flexibilidade de todos e todas seguirá a protexer os alicerces da nosa entidade.

Grazas pola vosa comprensión, traballo, talento e colaboración. Xuntos e xuntas somos un. Somos ASPERGA.

Moitas grazas por achegarvos á vosa casa.

Quedo á vosa disposición.



Rita González Fernández



# 2<sub>01</sub> QUENES SOMOS FUNDAMENTACIÓN

O Síndrome de Asperger foi tradicionalmente utilizado como unha categoría diagnóstica para describir un subtipo do trastorno do espectro autista (TEA) que non está acompañado por discapacidade intelectual nin por dificultades significativas na linguaxe formal. Con todo, nos sistemas de clasificación actuais, esta categoría diagnóstica específica foi eliminada xa que se emprega o termo TEA para describir unha ampla gama de trastornos neurolóxicos que afectan a comunicación social, a interacción social e a conduta repetitiva ou restrinxida.

Aínda que o termo de síndrome de Asperger xa non se emprega como unha categoría diagnóstica específica, algunhas persoas identifícanse con el como parte da súa identidade persoal, outras como neuro diverxentes e outras como autistas. É unha decisión particular.

Aínda que non se sabe con exactitude cantas persoas conforman este colectivo, estudos de prevalencia da discapacidade intelectual na poboación infantil e adolescentes con autismo suxeren que poderían representar entre o 45% e o 70% das persoas con autismo.

A incidencia do TEA é de 1 de cada 100 nacementos, cunha maior prevalencia en varóns. A relación entre mulleres e homes varía amplamente dependendo do estudo de referencia, oscilando entre 3:4 e 8:1. Así a a todo, creese que a síndrome de Asperger en mulleres está infradiagnosticado debido a que os síntomas se poden manifestar de maneira diferente.

As manifestacións clínicas do TEA varían significativamente entre as persoas que o presentan. Con todo, as persoas con esta condición comparten algunhas características que afectan principalmente a dúas áreas:



### *Área de comunicación e interacción social.*

As persoas con trastorno do espectro autista (TEA) poden enfrontarse a diversas dificultades na súa comunicación, tanto verbal como non verbal. Estas dificultades poden incluír aspectos pragmáticos da linguaxe, como a interpretación de significados non literais, así como o uso do contacto ocular, xestos e postura corporal na comunicación non verbal.

Ademais, as persoas con TEA poden ter dificultades no uso social da linguaxe e na interacción social, así como en situacións sociais, manexo de relacións interpersoais, resolución de conflitos e adaptación a distintos contextos.

### *Área de flexibilidade do pensamento e do comportamento.*

As persoas con trastorno do espectro autista (TEA) adoitan manifestar patróns de intereses e condutas que son restrinxidos, estereotipados e repetitivos. Isto significa que poden mostrar unha forte preferencia por determinados temas ou actividades, e poden realizar accións repetitivas ou rituais. Estes patróns de comportamento poden facer que sexa difícil para a persoa con TEA adaptarse a novas situacións ou cambios no seu entorno. Por exemplo, poden sentirse incómodos ou ansiosos cando se lles require que modifiquen as súas rutinas ou que participen en actividades diferentes ás que lles interesan.



# 2<sup>02</sup> MISIÓN, VISIÓN E VALORES

## NADA SOBRE NÓS, SEN NÓS

En 2006, ASPERGA (Asociación Galega de Asperger) viu a luz, fundada por unha rede de familias e persoas con síndrome de Asperger. A misión da asociación é promover a auténtica inclusión e loitar por un futuro no que as persoas con síndrome de Asperger poidan participar plenamente na sociedade.

Algún dos puntos que destacamos son os seguintes:

- Promover a sensibilización e concienciación social sobre a síndrome de Asperger e o trastorno do espectro autista (TEA) no noso entorno.
- Ofrecemos un centro integral de apoio e referencia que proporciona servizos ás persoas con síndrome de Asperger e as súas familias. Contamos cun equipo de profesionais especializados no deseño e implementación de programas de intervención adaptados ás necesidades individuais de cada persoa.
- Recoñecemos a importancia de traballar en conxunto para alcanzar as nosas metas e obxectivos. Por iso, establecemos relacións de colaboración con outras entidades co fin de sumar esforzos e lograr beneficios mutuos.
- Traballamos sen descanso para asegurar que as persoas con síndrome de Asperger sexan recoñecidas como cidadáns de pleno dereito. Colaboramos con administración pública e outras organizacións pertinentes para fomentar a inclusión social e facilitar o acceso aos servizos e recursos necesarios.
- Colaboramos e contamos coa participación de persoas con TEA/SA para empoderalas e permitirlles ser as protagonistas das súas propias vidas e do futuro da súa comunidade. Enfocámonos en fomentar o desenvolvemento das súas habilidades e capacidades, asegurando que as súas opinións e necesidades sexan recoñecidas e tidas en conta en todas as instancias nas que se lles faga referencia. Nada sobre elas sen elas.



- Comprometémonos a xestionar de forma responsable e ética todos os recursos que temos á nosa disposición, así como a ser totalmente transparentes nas nosas accións e decisións.

Durante o ano 2023 a nosa asociación avanzou significativamente na promoción dun ambiente de traballo seguro, respectuoso e igualitario. Implementamos con éxito o "**Protocolo de Prevención e Actuación Fronte ao Acoso Sexual**", reforzando o noso compromiso coa protección dos dereitos e a seguridade de todos os colaboradores. Ademais, lanzamos o "**II Plan de Igualdade**", co obxectivo de promover a igualdade de xénero e combater todas as formas de discriminación.

No final deste mesmo ano, iniciamos o proceso para obter a **certificación ISO 9000**, demostrando o noso compromiso coa excelencia e a mellora continua dos nosos procesos e servizos. Simultaneamente, desenvolvemos o "**Plan Estratégico 2024-2027**", que establece directrices claras e metas ambiciosas para guiar o crecemento e a evolución da nosa asociación nos vindeiros anos. Estamos seguros de que estas iniciativas fortalecerán a nosa posición na sociedade e consolidarán o noso compromiso coa calidade, a igualdade e o respecto.

Outro dos motores de ASPERGA é a concienciación polo medio ambiente e o cambio climático, por iso somos responsables cos residuos que xeramos, instalando:

- Contenedores de roupa
- Contenedores de pilas
- Reciclaxe de papel



# 2<sup>03</sup> BASE SOCIAL

30

VOLUNTARI@S

38

TRABALLADOR@S

388

USUARI@S

441

SOCI@S  
NUMERARIOS


Facendo unha combinación da nosa MISIÓN + VISIÓN + VALORES, contamos coa colaboración de:

- **EQUIPO TÉCNICO PROFESIONAL E EQUIPO ADMINISTRATIVO**
- **PERSOAS SOCIAS**, pais, nais ou tutores legais dunha persoa con SA/TEA, con voz e voto nas asembleas.
- **DOANTES**, que contribuen con aportacións económicas ou materiais de maneira puntual ou continuada.
- **PERSOAS VOLUNTARIAS**, que colaboran nas actividades ou eventos que realizamos, retroalimentandonos aportando coñecementos, experiencia, tempo e enerxía.
- **PERSOAS SOCIAS COLABORADORAS**, persoas físicas ou xurídicas que nos aportan contribucións económicas, de materiais ou incluso prestando servizos.







## EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS NUMERARIAS DESDE A CREACIÓN DA ASOCIACIÓN




A data de 31 de decembro de 2023, ASPERGA ten 441 persoas socias numerarias, das cales 323 son mulleres e 118 son homes



## EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS DENDE 2006 ATA 2023



Durante o ano 2023, ASPERGA atendeu a un total de 388 persoas usuarias, das cales 110 eran mulleres e 278 eran homes



# 2<sup>04</sup> ORGANIGRAMA



## ASESORÍAS EXTERNAS

### ADMINISTRACIÓN:

- Administración
- Contabilidade
- Comunicación
- Recursos Humanos

### UNIDADES DE ATENCIÓN:

- Psicología
- Logopedia
- Terapia Ocupacional
- Pedagogía
- Educación social
- Técnico deportivo
- Traballo social
- Orientación laboral

### OUTROS:

- Limpeza
- Profesionais independentes
- Persoal en prácticas
- Voluntariado

### ASESORÍAS EXTERNAS:

- Laboral
- Fiscal
- Contable
- Riscos laborales
- Protección de datos
- Recursos informáticos
- Consultoría en Gestión Social.

## 2<sup>05</sup> FORMAMOS PARTE DE

**Federación Autismo Galicia.**

**Confederación Autismo España.**

**Autism Europe.**

**Consello Asesor de Pacientes de Galicia.**

**Consello Asesor de Pacientes de A Coruña e Cee.**

**Asociación Galega de Atención Temprana.**

- Socios colaboradores de AGAT desde 2021.
- Naturaleza xurídica: Asociación sen ánimo de lucro.
- Inscrita no Rexistro Central Asociacións co nº 2006-9439-1.
- Asociación declarada de Utilidade Pública pola Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas e Xustiza, según a Orden do 6 de junio de 2015.
- Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia C-15-003421 (Centro de A Coruña) y C-15-004107 (Centro de Santiago de Compostela).
- Registro único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS) nºE2235.
- Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia nº O-601.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de A Coruña (REMAC) nº 473.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo nº 1118-10.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Pontevedra nº 401.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Narón nº 309.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Santiago de Compostela.



# 3<sup>01</sup>

## SERVIZOS

### SERVIZOS TRANSVERSAIS

#### PRIMEIRA CONSULTA DE ORIENTACIÓN


Este servizo de orientación e información está destinado a persoas con TEA/SEA e as súas familias, que buscan asesoramento sobre os pasos a dar despois de recibir un diagnóstico. Neste sentido, proporcionamos información sobre os nosos servizos a nivel individual e grupal, e o noso traballador social axuda nos procesos burocráticos necesarios para acceder aos diferentes recursos dispoñibles, adaptados a cada caso.

Ademais, recibimos moitas derivacións de persoas sen diagnóstico por parte de profesionais sanitarios, centros educativos, outras asociacións ou mesmo por súas propias sospeitas de evidencias de TEA. Neses casos, o noso equipo de terapeutas ofrece asesoramento sobre as posibilidades de realizar unha Valoración Específica de TEA.

No noso centro, atendemos a persoas que nos coñecen a través de redes sociais, a nosa páxina web ou por recomendación de amigos (**contacto directo**). Tamén recibimos a persoas derivadas por outros profesionais ou centros sanitarios (**contacto sanitario**). Ademais, atendemos a persoas derivadas por centros educativos públicos e privados (**contacto educativo**). En todos estes casos, o noso obxectivo é proporcionar a mellor atención e asesoramento posible para satisfacer as necesidades de cada persoa que acode a nós.



No ano 2023, ofertamos atención a través deste programa de orientación e información a un total de 648 persoas, das que 136 eran homes e 512 mulleres



**Concello da Coruña**

Financiado pola **Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá** del Concello da Coruña.



## SERVIZOS TRANSVERSAIS

### VALORACIÓN ESPECÍFICA DE TEA

No noso centro, temos un equipo de profesionais altamente especializados e con ampla experiencia no tratamento do trastorno do espectro do autismo, incluíndo psicólogos, logopedas e terapeutas ocupacionais. Cada caso é exhaustivamente estudado por este equipo, recollendo información de diversas fontes, como entrevistas, test e avaliacións.

Este proceso é crucial para obter unha comprensión completa de diferentes aspectos da persoa, tales como:


- A interacción social ou as limitacións comunicativas da linguaxe.
- O xogo, a conduta estereotipada, os intereses restrinxidos, etc.
- A capacidade intelectual e a memoria.
- A intelixencia verbal e non verbal.
- As habilidades funcionais diarias.
- As dificultades no proceso de comunicación.






## VALORACIÓN ESPECÍFICA DE TEA

Durante o 2023, realizáronse un total de 44 valoraciónns, das cales 22 foron homes, 20 mulleres e 2 persoas de xénero non binario



## VALORACIÓN DE INTERVENCIÓN

Durante o 2023, tamén se realizaron un total de 16 valoraciónns, as cales 7 foron en A Coruña e 5 en Santiago de Compostela



## SERVIZOS TRANSVERSAIS

### TRABALLO SOCIAL

Contamos cun traballador social encargado de ofrecer asesoramento e información sobre as diversas axudas e opcións dispoñibles para as persoas diagnosticadas con SA/TEA, así como para as súas familias. Este asesoramento é adaptado ás necesidades específicas de cada caso, realizando un estudo personalizado para cada persoa.

- Orientación e asesoramento sobre os servizos e prestacións sociais dispoñibles.
- Deseño e presentación de programas para proxectos sociais.
- Promoción e inserción social, axudando ás persoas con SA/TEA a tomar conciencia das súas fortalezas e recursos persoais.
- Mediación en conflitos, facilitando a comunicación entre as partes.

No ano 2023, o noso traballador social ocupouse de atender a un total de 153 persoas, das cales 107 eran mulleres e 46 homes.



Financiado polo **Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes, Sección de Servizos Sociais** da **Deputación provincial de Coruña.**



## SERVIZOS TRANSVERSAIS

### ORIENTACIÓN LABORAL

Neste servizo, realizamos entrevistas repetidas ao longo do tempo para deseñar "**itinerarios personalizados de inserción**", os cales ofrecen recursos aos usuarios e usuarias, permitíndolles xestionar o seu propio proceso de inserción laboral.

O noso principal obxectivo é proporcionar unha atención sociolaboral o máis personalizada posible, coa finalidade de aumentar a empregabilidade e promover a inserción laboral de persoas con TEA.

Nos obxectivos xerais marcados nos diferentes itinerarios, intentamos abarcar diferentes áreas:

- Área de orientación laboral.
- Área de formación.
- Área de intermediación.
- Área de emprego.

No servizo de orientación laboral, durante o ano 2023, asistiron un total de 36 persoas, das cales 30 foron homes e 6 mulleres.



# 3<sup>02</sup>

## PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUAL

A intervención individual en persoas con SA/TEA está determinada polas súas necesidades e características necesarias para o desenvolvemento das súas capacidades, así como polos apoios necesarios para impulsar o seu crecemento persoal.

### INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA

Traballamos en áreas conductuais, cognitivas e emocionais, atendendo sempre ás dificultades específicas de cada usuario.

### INTERVENCIÓN LOGOPÉDICA

Detectamos, avaliamos e tratamos os trastornos relacionados coa comunicación, o linguaxe, a fala, a voz, a audición e as funcións orais, adaptando as nosas intervencións ás necesidades individuais de cada persoa.

### TERAPIA OCUPACIONAL

Procuramos potenciar a autonomía en actividades cotiás, así como no xogo, o traballo, o lecer, o descanso e o sono, proporcionando apoio personalizado para mellorar a calidade de vida de cada individuo.


**\*Estes datos son de persoas a partir de 12 anos, aínda que estes servicios tamén se ofertan en Atención Temprá (de 0 a 6) e Atención a Infancia (de 7 a 12).**




Santiago de Compostela A Coruña Mulleres Homes

**PSICOLOGÍA**

Este servizo atendeu un total de 287 persoas.




76 211




94 193

**LOGOPEDIA**

Este servizo atendeu un total de 42 persoas.




34 8




9 33

**TERAPIA OCUPACIONAL**

Este servizo atendeu un total de 78 persoas.



14 64



14 55



# 3<sup>03</sup>

## PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN GRUPAL

Os servizos de intervención grupal están centrados en simular diferentes situacións da vida cotiá para que os participantes con TEA poidan adquirir ferramentas que melloren as súas relacións sociais no seu entorno habitual.

### HABILIDADES SOCIAIS

Trabállanse e poñense en práctica as habilidades de comunicación, interacción social e xestión emocional, co obxectivo de que as persoas con TEA poidan aplicalas na súa vida diaria, tanto no colexio, como na casa como cos amigos.

Este servizo, está destinado a persoas de 7 a 18 anos; neste ano atendemos a un total de 139 persoas, 97 homes e 42 mulleres



\*Programas de interese social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, xestionado pola **Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia**.









## ACTIVA O TEU CORPO\*/ACTIVIDADES DEPORTIVAS

A través do deporte e do lecer, buscamos que as persoas con TEA desenvolvan habilidades físicas e socioemocionais, compaxinándoas de maneira integrada. Este servizo atendeu a un total de 49 persoas, das cales 10 eran mulleres e 39 homes.



### Concello da Coruña

\*Financiado pola **Concellería de Deportes do Concello da Coruña.**



### APOIO EDUCATIVO

Centramos a atención en cada etapa educativa, ofrecendo estímulos positivos e destacando sempre as fortalezas, co obxectivo de mellorar o rendemento das persoas con TEA, atendendo ás súas necesidades e dificultades. **Este servizo atendeu a un total de 51 persoas, das cales 12 eran mulleres e 39 homes.**

### XUNTANZA

Este programa de ocio e tempo libre está deseñado para personas adultas con TEA que desexen compartir e saír a vivir experiencias con xente que comparten os seus intereses. Ofrecemos diversas actividades, así como espazos para simplemente reunirse, conversar e compartir un momento agradable. **Este servizo atendeu a un total de 32 persoas, das cales 9 eran mulleres e 24 homes.**



### TALLER "COMUNÍCATE"

Este taller de comunicación foi deseñado para adolescentes e adultos que forman parte do Trastorno do Espectro Autista (TEA). O seu obxectivo central é mellorar tanto as habilidades de comunicación verbal como non verbal da persoa.

A través de enfoques adaptativos e actividades interactivas, o taller busca proporcionar un ambiente inclusivo e de apoio para axudar aos participantes a desenvolver e reforzar as súas capacidades de comunicación. Cada sesión do taller aborda temas prácticos e situacionais que son directamente aplicables ás experiencias diarias dos participantes, promovendo unha aprendizaxe práctica e relevante. *Este servizo atendeu a un total de 8 persoas, das cales 2 eran mulleres e 6 homes.*





### TALLER "SEN-CONFLICTO"

Este é un espazo para nais e pais de persoas con problemas de conduta. Neste espazo, proporcionaremos ferramentas prácticas, estratexias de afrontamento e recursos útiles para axudarvos a afrontar os retos diarios e promover un ambiente de apoio e comprensión. **Este servizo atendeu a un total de 6 persoas**



### TALLER "ADULTOS/AS NO ESPECTRO"

Este taller ofrece un espazo de encontro único para persoas diagnosticadas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) na idade adulta. Cada sesión do taller aborda temas diversos, todos eles relacionados con situacións e vivencias comúns que as persoas dentro do espectro poden afrontar. O obxectivo principal é fomentar a comunicación aberta entre as persoas participantes proporcionando un ambiente solidario onde compartir experiencias e motivando o apoio mutuo. **Este servizo atendeu a 6 mulleres e 1 home.**



## TALLER "RIQUIÑOS" E "CROISSANT"

Estes talleres nacen co obxectivo de fomentar a creación de grupos de apoio, onde as persoas participantes creen vínculos de amizade, confianza e relacións interpersoais.

➤ **Riquiños:** persoas menores de 18 anos.

➤ **Croissant:** persoas maiores de 18 anos.

No ano 2023 participaron un total de 19 persoas.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE SANIDADE




autismoGALICIA



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

Conta co **Finanzamento do Programa de Apoio Psicolóxico a Persoas con TEA da Federación Autismo Galicia**, subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Sanidade





# 3<sup>04</sup> ATENCIÓN TEMPERÁ

Coa intención de mitigar o impacto na vida dos máis pequenos, poñemos o noso foco de atención en detectar e atender todos os procesos do crecemento e maduración do sistema nervioso.

Este servizo está dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos que teñan un diagnóstico específico de TEA ou características asociadas. Ademais, dentro deste ámbito, ofrecemos unha valoración inicial para comprender mellor a situación e elaborar un plan persoalizado de intervención, abordando áreas como a terapia ocupacional, a logopedia ou a psicoloxía.

- ▶ Traballamos tanto de forma individual como en grupo, nun ambiente lúdico e de xogo, desenvolvendo actividades dirixidas polo equipo terapéutico.
- ▶ As familias reciben asesoramento e información sobre pautas específicas para o fogar.
- ▶ Para garantir un seguimento máis completo e coordinado, establecemos contacto co centro educativo.




Programas de interese social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, xestionado pola **Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia**.






Santiago de Compostela A Coruña Mulleres Homes

**ATENCIÓN TEMPERÁ**  
 Durante o ano 2023, atendeu a un total de 78 usuarios, dos cales 20 foron mulleres e 58 homes



16

62



20

58



Programas de interese social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, xestionado pola **Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia.**




# 3<sup>05</sup> ATENCIÓN Á INFANCIA

Dedicámonos a acompañar as persoas que asisten aos nosos centros en todas as etapas vitais, desde a infancia até a idade adulta. Mantemos un enfoque especial na infancia, xa que entendemos que é un período crucial para o desenvolvemento e o crecemento persoal.

Neste servizo, dirixido a nenos e nenas de 7 a 12 anos con diagnóstico de TEA ou características asociadas, ofrecemos un apoio continuo e personalizado. Traballamos de cerca cos nenos, as súas familias e outros profesionais involucrados, para asegurar unha intervención completa e integral. O noso obxectivo é facilitar un entorno favorable para o seu desenvolvemento, promovendo o seu benestar emocional, social e académico. Abordanse áreas como a terapia ocupacional, a logopedia ou a psicoloxía.


- A forma de traballo é multidisciplinar, e implementamos sesións individuais e grupais, onde os profesionais adaptan as terapias.
- Bríndaselle información as familias para poder seguir unha serie de pautas no fogar as cales lles axuden en cada situación.
- Garantimos unha coordinación adecuada co centro educativo para coñecer mellor a situación de cada caso.






Santiago de Compostela A Coruña Mulleres Homes


**ATENCIÓN A INFANCIA**  
Este servizo atendeu a un total de 92 persoas



29 63



21 71




3<sup>06</sup>

## TALLER DE TRANSICIÓN A VIDA ADULTA

O obxectivo deste taller é promover a autonomía das persoas con TEA con grao de apoio 1 ou 2, maiores de 18 anos, aproveitando as súas habilidades comunicativas e axudándoos na transición á vida adulta. Buscamos impulsar as ferramentas necesarias para que os nosos participantes leven unha vida independente e desenvolvan habilidades socio-laborais adecuadas.

- Módulo de vida independente.
- Módulo socio-laboral.
- Módulo de ocio e tempo libre.



En total, participaron 41 persoas, das cales 3 foron mulleres e 38 foron homes.





3<sup>07</sup>**DES-PEGUE**

PROMOCIÓN DE AUTONOMÍA E  
VIDA INDEPENDENTE EN  
VIVENDA COLABORATIVA



DES-PEGUE implicou a posta en marcha dunha vivenda con apoio para persoas con síndrome de Asperger e TEA, que eran socios/as da asociación ASPERGA. Nesta vivenda, traballouse en diferentes áreas a través de dous itinerarios personalizados: un individual, que se axustaba ás necesidades e expectativas de cada usuario/a, e outro grupal, que involucraba ao resto dos participantes no proxecto.

Os participantes residían permanentemente na vivenda e estableceron unha normativa interna que regulaba os aspectos da vida en común, incluíndo o uso das zonas comúns.

A vivenda contaba cun equipo profesional composto por un psicólogo/a, unha pedagoga de referencia e un Terapeuta Ocupacional para brindar apoio e guía. Este equipo traballaba en estreita colaboración coas persoas usuarias para ofrecerlles o apoio necesario para a súa integración e desenvolvemento persoal. Ao longo do tempo, o Proxecto DES-PEGUE demostrou ser unha experiencia enriquecedora e exitosa para todos os participantes, axudándolles a desenvolver habilidades, establecer relacións interpersoais e avanzar cara á súa autonomía e independencia.



Contamos coa colaboración de entidades como Fundación "laCaixa" e Vegalsa Eroski.



Agradecemos a creación da imaxen e logotipo do Proxecto DES-PEGUE ao artista gráfico Xurxo García Penalta.



# 3<sup>08</sup> CO-WORKING

ASPERGA puxo en marcha unha zona de co-working como parte dun proxecto de estudo medioambiental. Neste proxecto, participaron dúas persoas autistas. No co-working de ASPERGA, contaron con dous titores de AQUALIA (on-line) e profesionais de ASPERGA (on-line e presencial) que lles brindaron apoio nas diversas tarefas, tanto a nivel técnico coma de comunicación e emocionais. Os titores serviron de guías nas accións necesarias para levar a cabo o proxecto.

Os resultados do devandito proxecto permitirán a ASPERGA axustar e definir de maneira máis precisa a creación dunha zona de co-working, dende a cal as persoas usuarias poderán realizar as súas xornadas laborais, contando sempre cun persoal preparado no que apoiarse sempre e cando o precisen.

Este apoio que ASPERGA quere brindar as persoas autistas é fundamental para fomentar a súa plena inclusión e desenvolvemento profesional.

No 2023, grazas a unha Beca de **IFM** púdose levar a cabo un **convenio de colaboración** con **FCC Aqualia** que **promove a formación e inserción laboral de persoas en risco de exclusión social** dentro do proxecto.

"AQUALIA and ASPERGA working for the enviroment, an ethical partnership"

**IFM Investors** 

 **aqualia**



# 3<sup>09</sup> FORMACIONES

## FORMACIÓN A FAMILIAS\*

Procuramos ofrecer ás familias de persoas con TEA un espazo de orientación e información onde proporcionamos diversos recursos e ferramentas para promover o seu benestar e fomentar un ambiente familiar máis saudable.

O contido das formacións inclúe:

- Estratexias que se poden adaptar a diferentes situacións da vida cotiá para reforzar as habilidades das persoas con TEA.
- Pautas específicas que potencian o desenvolvemento das habilidades das persoas con TEA, co obxectivo de traballar a partir das súas habilidades xa existentes.
- Dinámicas de interacción persoal e familiar que promoven a conexión entre os membros da familia. Información sobre conceptos de benestar e a súa relación coa crianza e a saúde familiar.

Nas formacións en dirixidas ás familias, asistiron un total de 21 persoas, das cales 10 foron mulleres e 11 homes.



\*Programas de interese social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, xestionado pola **Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia**.





### **FORMACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS**

Impártese de forma presencial nos propios centros educativos e está dirixida a profesionais, independentemente do nivel educativo. Tamén inclúe actividades e xogos para implicar ao alumnado nos talleres de forma máis activa, así como formación para os familiares para reforzar o vínculo entre o ámbito educativo e familiar.

### **FORMACIÓN A OUTROS PROFESIONAIS**

Realízase de forma presencial en diversos espazos como centros culturais, deportivos, artísticos e cívicos. Neste tipo de formación proporcionamos os coñecementos básicos necesarios para interactuar e comunicarse de forma normal con persoas con TEA, xunto cunha breve explicación das súas características principais e comportamento.

### **FORMACIÓN AO VOLUNTARIADO**

Dirixida a persoas que desexan unirse á nosa asociación para axudar e participar nas nosas actividades. A súa misión é colaborar na realización dos programas que levamos a cabo. Durante esta formación, facilitámoslles información sobre a nosa entidade, as persoas con TEA e todas as actividades e servizos nos que van colaborar.



# 3<sup>10</sup>

## OCIO E LECER, CAMPAMENTOS E OUTRAS ACTIVIDADES.

### TEMPO DE LECER

É un programa lúdico-cultural que combina o tempo libre e o lecer, dirixido aos nosos usuarios e socios. Desenvolvemos obradoiros e actividades grupais para fomentar as relacións sociais e a interacción co noso entorno. Procuramos crear eventos variados e atractivos para xerar diferentes situacións.

### URBANCAMP

Trátase dun campamento urbano que se realiza durante o mes de xullo e está aberto á participación de usuarios e socios. As actividades e obradoiros adoitan realizarse fora das nosas instalacións, onde ofrecemos unha ampla variedade de experiencias para mellorar o autoconcepto, a autoestima e o sentido da autoeficacia.



\*Programas de interese social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, xestionado pola **Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia**.







## ECOCAMP

Campamento con pernoita, terapéutico e psicoeducativo. Enfocado dun xeito lúdico, este campamento ten, entre os seus obxectivos, crear experiencias de convivencia e aprendizaxe a través de actividades nunha contorna natural, fomentando a colaboración e participación entre as persoas participantes.



Contamos co financiamento da **Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade** da Xunta de Galicia.







### CAMPAMENTO DE A.T (Atención Temperá):

Este campamento con pernoita realiza intervencións terapéuticas e psicoeducativas de forma lúdica, centradas no contacto coa natureza, a convivencia e o aprendizaxe experiencial a través de actividades pouco comúns na vida diaria. O obxectivo é saír do habitual e descubrir novas formas de experienciar e adquirir coñecemento.

### OUTRAS ACTIVIDADES DE LECER:


- S8 Cinema Xpresa.
- Lobos de Mar.
- Visita teatralizada ao museo de Picasso.
- Partido de Básquet Coruña.
- Torneo de Pádel.
- Mural Filatelia.
- ...







## PERSOAS QUE PARTICIPARON NO CENTRO DE A CORUÑA E SANTIAGO DE COMPOSTELA






# 311 CONTACTOS


Co obxectivo de proporcionar unha atención mellorada, o contacto por parte dos profesionais coas persoas usuarias e as súas familias é continuo.

En ASPERGA tamén ten moita importancia o contacto que realizamos cos centros educativos aos que as persoas usuarias asisten.

## CON FAMILIAS: 9298 contactos



## CENTROS EDUCATIVOS: 1175



# 4

01

## PLAN FORMATIVO DE ASPERGA

### PERSONAL SANITARIO E NON SANITARIO

En ASPERGA, promovemos e facilitamos a formación continua do noso equipo a través dunha ampla variedade de cursos, xornadas, congresos, etc. Co obxectivo de mellorar e aumentar os nosos coñecementos, habilidades e servizos, apoiamos tanto en formacións de entidades públicas como privadas.

- A.I.P.A (Asociación para la Inclusión de Personas con Autismo): Control de Esfínteres para alumnado con TEA.
- Medrando Xuntas: Programa Formativo para Directivas da Economía Social.
- Fundación Telefónica: Recopilación y análisis de datos en Acción Social.
- Fundación Telefónica: 10 claves imprescindibles sobre ciberseguridad en Acción Social.
- Fundación Telefónica: Trabaja y comparte en la nube con Microsoft One Drive y Share Point.
- Fundación Telefónica: Cómo aplicar Inteligencia Artificial, Big Data y ética digital en tu entidad social.
- AGAIN (Instituto Global de Atención Integral del Neurodesarrollo): ADI-R.
- Autismo España: Novedades y obligaciones introducidas en la facturación electrónica por la "Ley Crea y Crece" y métodos para captar fondos como el "Crowdfunding".
- Migranodearena: Estrategias brillantes para captar fondos e iluminar tu proyecto social en navidad.



- Migranodearena: REDES SOCIALES: La gran herramienta de comunicación en campañas de crowdfunding.
- Migranodearena: Descubre cómo sacar el máximo partido a nuestra plataforma.
- Migranodearena: Cómo recaudar fondos a través del deporte con valores.
- inSuit: Concienciación e interpretación del Real Decreto 1112/2018 de accesibilidad web.
- Ágora Guttman Barcelona: ¿Cómo pueden las asociaciones de personas con discapacidad incidir en políticas sociales?
- Fundación Telefónica: Imparte el webinar perfecto: La interactividad es la clave.
- Federación Autismo Galicia: Abordaxe dos problemas de alimentación en TEA.
- Daniel Millán: Diagnóstico diferencial y TEA.
- Asociación Tajibo: Mujeres y autismo.



# 4<sup>02</sup> FINANCIAMENTO EXTERNO



En 2023, a **Xunta de Galicia**, concedeu unha subvención para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cas entidades sen ánimo de lucro. Concretamente, subvencionase co **Programa de Apoio aos Servizos de ASPERGA** coa contratación de dous terapeutas ocupacionais, un logopeda e un psicólogo.



A **Xunta de Galicia** colaborou co financiamento para **Programas de interés social**, xestionada pola **Consellería de Política Social**. Destinouse aos programas da Línea III. Actuacións de Promoción da Autonomía persoal e apoio a persoas maiores ou con discapacidade:

- **Atención Temperá**
- **Habilidades Sociais**
- **Tempo de lecer e Urban Camp**
- **Formación a familias**



Contamos co financiamento da **Xunta de Galicia**, xestionado pola **Consellería de Sanidade** e **SERGAS**, ao abeiro do **Convenio de Colaboración** coa **Federación Autismo Galicia**, para **Actividades de formación, sensibilización e accesibilidade na contorna sanitaria**.





CONSELLERÍA  
DE SANIDADE



Contamos co financiamento do **Programa de Apoio Psicolóxico a Persoas con TEA** da **Federación Autismo Galicia**, subvencionado por a **Xunta de Galicia** e xestionado pola **Consellería de Sanidade**.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E XUVENTUDE



Contamos co financiamento do **Programa de Atención a Persoas con TEA** da **Federación Autismo Galicia**, subvencionado por a **Xunta de Galicia** e xestionado pola **Consellería de Política Social e Xuventude**.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E XUVENTUDE

Contamos co financiamento da **Consellería de Política Social e Xuventude**, **Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade** da **Xunta de Galicia** para a realización do noso campamento de verán con pernocta, **ECOCAMP**.





Contamos co financiamento do **Programa de Apoio Psicológico a Persoas con TEA** da **Federación Autismo Galicia**, subvencionado por a **Xunta de Galicia** e xestionado pola **Consellería de Sanidade**.



O servizo de **Acción Social, Cultural e Deporte, Sección de Servizos Sociais** da **Deputación provincial de Coruña**, destinou financiamento a ASPERGA para o **Programa de Asesoramento a persoas con Síndrome de Asperger e Autismo e as súas familias**, dentro das **Subvencións a entidades sen fins de lucro ou para o desenvolvemento de programas sociosanitarios do ano**. FOCVAA 2023



Enmarcado dentro do **PROYECTO TES-TEA**, de **Autismo España** e xunto coa **Fundación Once**, foisenos concedida unha **subvención** para a **adquisición de novo material que se emprega para Valoracións Específicas de TEA** e outras valoracións como Logopédicas ou de Terapia Ocupacional.





## Concello da Coruña

O noso programa de **gastos de asesoramento fiscal, laboral e contable** do ano 2023, recibeu unha axuda da **Consellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña**, dentro das subvencións destinadas a actividades de Interese Social en Materia de Igualdade e Diversidade

---



## Concello da Coruña

O noso programa de **II Plan de Igualdade** do 2023, recibeu unha axuda da **Consellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña**, dentro das subvencións destinadas a actividades de Interese Social en Materia de Igualdade e diversidade.

---



## Concello da Coruña

O noso programa **Activa o teu corpo**, do 2023, recibeu unha axuda da **Consellería de Deportes do Concello de A Coruña** dentro das subvencións de apoio de actividades deportivas.





## Concello da Coruña

ASPERGA recibiu este ano 2023 unha subvención para **financiar gastos de mantemento**, pola **Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña**.



## Concello da Coruña

ASPERGA recibiu este ano 2023 unha subvención para o noso programa **Orientación e Asesoramento telefónico e en Primeira Consulta**, pola **Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá del Concello da Coruña**, dentro das subvencións a entidades sociais sen ánimo de lucro, destinadas a actividades ou proxectos de interese social.



**ORIENTACIÓN LABORAL**



A **Xunta de Galicia** concedeu unha subvención, xestionada pola **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**. Destinouse a contratación dun persoal técnico para realización de actividades de **Orientación Laboral**.







ASPERGA en **colaboración con Repsol**, pudo adquirir **novo material de avaliación específica**, para poder contar con novos test tanto no centro de A Coruña como de Santiago de Compostela.

IFM Investors 



Grazas a unha Beca de **IFM** púdose levar a cabo un **convenio de colaboración** con **FCC Aqualia** que **promove a formación e inserción laboral de persoas en risco de exclusión social** dentro do proxecto.

"AQUALIA and ASPERGA working for the enviroment, an ethical partnership".



# 4<sup>03</sup> COLABORACIONES





**A1 Padel Club** - organizou un torneo de pádel a favor da nosa entidade.

**Sociedade Filatélica de A Coruña** - participamos na creación dun mural, dentro do marco "Un xenio volve a casa" para homenaxear a figura de Picasso. O resultado final foi a creación de postais prefranqueadas emitidas por correos.

**LEDVANCE** - donaronnos depuradoras para poder manter unha boa calidade de aire nos nosos locais.

**Basquet Coruña** - decidiron escollernos como a súa causa solidaria para un partido que realizaron, convidandonos tamén a asistir ao evento.



# 4<sup>04</sup> COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

ASPERGA forma parte da Federación Autismo Galicia (como membros da HUB de comunicación), da Confederación Autismo España e da Autism Europe. É por iso que sempre colaboramos coas campañas de visibilización do autismo, xa que consideramos que é necesario traballar activamente para xerar un cambio na sociedade.

Ademais, colaboramos de forma independente con campañas afíns ás nosas ideas e nas que consideramos que o noso papel é relevante, como pode ser o caso de:

- Día Internacional da Síndrome de Asperger.
- Día Mundial de Conciencia sobre el Autismo.
- X Solidaria.
- Baixo o mesmo paraugas.
- Día Mundial de la Salud Mental.
- [Visita de Johannes Li](#)



## 18 DE FEBREIRO - DÍA INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER

O 18 de Febreiro, é o Día Internacional da Síndrome de Asperger, e dende ASPERGA, todos os anos facemos algún acto para recordar esta data, e así poder darlle visibilidade as persoas dentro do Transtorno do Espectro Autista.



No 2023, decidimos facer unha serie de actos ao longo de todo o mes de febreiro, coa intención de poder chegar a máis xente e acadar máis concienciación.



## 2 DE ABRIL - DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

O 2 de abril, é o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, e dende ASPERGA, sempre colaboramos coas iniciativas que se levan a cabo dende diferentes organismos.

A Federación Autismo Galicia levou a cabo unha actividade denominada "Mural Art Experience", na que todos os participantes podían aportar a súa creatividade para elaborar un mural conxunto que representase ao colectivo. Tamén sirveu de reivindicación para reclamar a visibilidade do TEA.



Foi unha experiencia moi enriquecedora onde participaron moitas persoas de diversas asociacións.



**11 de febreiro, en Santiago de Compostela:** Acto Institucional e Xornada "Gobernanza inclusiva cara a vida independente das persoas con TEA", en colaboración coa Federación Autismo Galicia.



**14 de febreiro, en A Coruña, Sporting Club Casino** "TEA de alto funcionamento", en colaboración coa Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios de A Coruña



**28 de febreiro, en A Coruña, Real Academia de Medicina de Galicia** "TEA de alto funcionamento", en colaboración coa Asociación Provincial de Amas de Casam, Consumidores e Usuarios de A Coruña







Asistimos a inauguración do Pavillón Polideportivo de Monte Alto, no cal nos brindaron pistas para poder entrenar o equipo de fútbol na nosa asociación, o ASPERGA F.C



Un ano máis, formamos parte do programa formativo Más Social, da Fundación Barrié, onde temos a oportunidade de aprender e mellorar o noso traballo no terceiro sector.



Daniel Collazo, o director da revista de ASPERGA tamén tivo a oportunidade de facerlle unha entrevista a concelleira.



O noso centro de A Coruña foi visitado pola concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación, Yoya Neira, onde puido realizar unha reunión con diferentes membros do equipo e Xunta Directiva.



Como cada ano, colaboramos de forma activa no Calendario Institucional da Federación Autismo Galicia. Este ano a atención centrouse na Detección e Diagnóstico

Tamén colaboramos con propostas de artigos para a participación da Axenda de Contidos de interese e para a Estratexia de Concienciación sobre o Autismo en Galicia.



## VALIDADORES EN ACCESIBILIDADE COGNITIVA

En ASPERGA, queremos estar en constante aprendizaxe e mellora, por iso quixemos aprender máis sobre como poder avances en calquera contorna. Por iso, participamos no curso de Validadores en Accesibilidade Cognitiva da Federación Autismo Galicia



Unha das persoas participantes foi Daniel Collazo Barcia, que se converteu en Validador da Rede de Accesibilidade.

O obxectivo final non é só para as persoas autistas que asisten á nosa asociación e a outras asociacións en Galicia, senon para todas as persoas, sen exclusión, sen cercos nin ámbitos, ir máis aló cara a accesibilidade cognitiva e universal.





## JOHANNES LI - VOLTA AO MUNDO PARA VISIBILIZAR O AUTISMO

Unha das misións da nosa entidade é concienciar a sociedade e visibilizar o autismo. Por este motivo, apoiamos iniciativas locais, rexionais, nacionais e internacionais que comparten a nosa misión, visión e valores.

No marzo de 2023, tivemos o pracer de coñecer a Johannes Li, un mozo autista de 19 anos que se propuxo dar visibilidade ás persoas con TEA, converténdose na primeira persoa autista en navegar soa ao redor do mundo.

Durante a súa travesía, Johannes reuniuse con asociacións de autismo de todo o mundo. Baixo o lema "Allein auf See. Vereint im Herzen" (Soamente no mar. Unidos de corazón), o seu obxectivo era concienciar sobre o potencial e as capacidades tan especiais das persoas autistas, sensibilizando a través do exemplo.



## REVISTA ASPERGA

Para darlle unha maior visibilidade a ASPERGA e máis a xente que traballa na asociación, Daniel Collazo Barcia, creou a Revista de ASPERGA, a cal xa tivo 3 edicións ata o momento.

O que podemos atopar no seu interior son entrevistas aos profesionais, persoas do ámbito político e sanitario, persoas usuarias da asociación... Tamén, curiosidades e información adicional para xerar máis contido.

\* **Daniel Collazo Barcia** 


Nº 3 **SEPT, 2023**  
**REVISTA**



[www.asperga.org](http://www.asperga.org)



REDES SOCIAIS



**2.264**  
Seguidores en diciembre de 2023



**11.578**  
Seguidores en diciembre de 2023



**2.259**  
Seguidores en diciembre de 2023



**2.579**  
Seguidores en diciembre de 2023





# 5

## CONCLUSIONES

Durante o ano 2023, o noso compromiso para ofrecer un servizo de calidade as persoas socias e usuarias foi evidente. Melloramos e aumentamos os nosos servizos en intervención individual e grupal, fortalecemos a nosa equipa de traballo.

Todos estos esforzos quedan reflexados no aumento de participación e valoración en positivo por parte das persoas usuarias e as súas familias.

Os nosos restos son cada vez máis ambiciosos. Seguiremos loitando por ofrecer unha atención integral ás persoas con TEA desde a súa nenez a idade adulta.

Programas para a atención temperá, para a infancia, para idade adulta. Programas para potenciar a vida independente, para a participación na contorna (o deporte, as relacións sociais, o lecer), para a mellora no ámbito laboral.

Ao avaliar o ano, celebramos os logros alcanzados e os obxectivos cumpridos. Agora, establecemos novas metas e desafíos, cunha esperanza renovada de avanzar na inclusión das persoas con TEA na sociedade. Recoñecemos que isto só foi posible grazas ao apoio e dedicación das persoas usuarias, socias e o traballo dos profesionais que conforman esta asociación.

Dende Xerencia e a Xunta Directiva, queremos expresar o noso sincero agradecemento. Miramos para o futuro con entusiasmo e esperamos contar coa vosa continua colaboración nesta nova etapa da nosa traxectoria.





Rúa Juan de la Cierva, 5  
15008, A Coruña  
881 917 318

Rúa José Ángel Valente, 9 - Baixo  
15706, Santiago de Compostela  
881 165 157

[www.asperga.org](http://www.asperga.org)

